

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 14 DE XUÑO DE 2017 (EXP.001-SERVPA 17).

Na sala de Xunta da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 13:05 horas do día 14 de xuño do 2017, reúnese, habendo sido previamente convocados, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente da Mesa: D. José tome Roca (Alcalde).

Vogais: D^a. Gloria Prada Rodríguez (Concelleira-Delegada de réxime interno e servizos sociais).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

D^a. María Inmaculada Buján Arias (Interventora Xeral).

D^a. María Luz Mendez Castro (Coord. municipal de servizos sociais).

Secretario: D^a. Elisa Martínez Arias (Técnico municipal que actúa substituindo ó contratación).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedéndose ao exame do primeiro punto incluído na orde do día, a saber.-

1º.- ASUNTO: DACIÓN DE CONTAS, EN ACTO PÚBLICO, DO INFORME TÉCNICO DE AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR (SOBRES B) DOS LICITADORES CONCORRENTES AO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. (EXP.0017-SERV14).

Previa lectura polo Secretario da Mesa das cláusulas 13^a.2.b) e 14^a das do prego de cláusulas administrativas particulares, sométese a consideración dos Membros da Mesa o informe da Coordinadora dos SS.SS. Comunitarios Básicos de 29/05/2017 de avaliacións dos criterios dependentes dun xuízo de valor, co seguinte teor literal.-

"Asunto: Valoración técnica dos proxectos técnicos presentados polas empresas no procedemento de adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar do Concello de Monforte de Lemos (Exp. 001-SERVPA 17)

Antecedentes

Con data 06/02/2017 a Xunta de goberno local municipal aproba o expediente de contratación da xestión do servizo de axuda no fogar mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, suxeito a regularización harmonizada cun orzamento base de licitación de 951.029,84€,IVE engadido.

Recibido o contido dos sobre B denominados "Criterios non avaliábeis de xeito automático. Referencias técnicas para a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar do Concello de Monforte de Lemos" das empresas ATENDO, CLECE S.A. E FEPAS, concorrentes ó procedemento fogo de ser admitidas, en cumprimento do acordo adoptado pola Mesa de contratación na súa sesión do 30/03/2017.

Procédese a continuación a analizar e avaliar cada un dos proxectos técnicos presentados, conforme o contido e criterios establecidos no punto 14.1º do prego de condicións técnicas:

14-1º-Criterios ponderables mediante xuízos de valor (Sobre B)

a. PROXECTO TJOCNICO: Ata 50 puntos, con arranxo a seguinte desagregación:

- Contextualización do SAF municipal do Concello de Monforte de Lemos.....ata 7
- Medios persoais.....ata 26
- Medios materiaisata 20

Logo de realizar un estudo e valoración dos proxectos técnicos extraíse as seguintes conclusións:

A. Contextualización do SAF municipal do Concello de Monforte de Lemos

B.

Neste apartado tivéronse en conta os obxectivos, a perspectiva comunitaria, a atención á poboación obxecto e repercusións na comunidade, a adaptación da proposta á realidade social do Concello de Monforte de Lemos e as Iniciativas de apoio ó fomento do emprego.

O proxecto presentado pola empresa FEPAS é o que mellor recolle a contextualización do servizo de axuda no fogar no Concello de Monforte desenvolvendo de forma precisa e pormenorizada cada un dos apartados a valorar, mentres que CLECE e ATENDO formulan uns proxectos cun nivel de concreción mais básico que pode ter cabida en calquera licitación do mesmo obxecto, cunha adaptación moi sinxela.

Entre as diferenzas mais salientables cómpre resaltar:

Tanto FEPAS como CLECE recollen unha contextualización normativa de referencia do servizo de axuda no fogar, porén FEPAS é a única que plasma de forma específica aspectos concretos do servizo de axuda no fogar no Concello de Monforte o que denota un coñecemento específico de aspectos básicos de acceso o servizo municipal, mentres que CLECE só cita a normativa reguladora a nivel local sen concreción. ATEN DO fai unha contextualización mol simple.

Por outra banda, CLECE especifica de forma adecuada as repercusións na comunidade en diferentes áreas pero non concreta neste epígrafe a atención á poboación obxecto. No caso de FEPAS describe de forma precisa as características da poboación obxecto, precisa este elemento de forma singular no Concello de Monforte nos últimos anos detallando o perfilsociodemográfico das persoas usuarias do servizo e o tipo de atencións mais habituais que se prestan. Pola súa banda, ATENDO define de forma insuficiente a poboación obxecto e enumera as atencións aínda que de forma breve e xeral. Non recolle claramente as repercusións sobre a comunidade.

En canto a adaptación da proposta á realidade municipal, FEPAS describe de xeito pormenorizado tanto o ámbito territorial e de actuación así como o perfil dos usuarios. CLECE presentan unicamente os resultados dun estudo básico a partir de datos sociodemográficos e ATEN DO aínda que concreta un pouco mais o ámbito territorial as características de adecuación da prestación o Concello son descritas de forma xeral e esquemática sen conclusións polo que resulta insuficiente o seu contido. CLECE e FEPAS formulan Iniciativas apoio o fomento do emprego concretas, porén esta última son presentadas de forma mais concreta, ademais de detallar un programa específico de promoción da inserción laboral completo que abarca el proceso de inserción de inicio a fin en el que detalla ademais actuacións segun situacións diferentes. Pola súa banda ATENDO non expón Iniciativas concretas que val a realizar para fomentar o emprego, senón que só relaciona repercusións económicas e obxectivos.

Todas as propostas presentan iniciativas de apoio a colectivos de especial vulnerabilidade aínda que cómpre destacar que FEPAS é a única que manifesta explicitamente a reserva de postos de traballo para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Contextualización do SAF municipal do Concello de Monforte de Lemos (Máximo 10 puntos)

CLECE S. A.	ATENDO	FEPAS
5	5	10

B. Medios persoais

En canto os medios persoais tívoose en conta os recursos humanos directamente adscritos ao programa, o cadro de persoal coa súa organización e estrutura interna así coma medidas presentadas en materia de saúde laboral, conciliación e outras.

En canto os recursos humanos, os tres proxectos presentan un cadro de persoal coa súa estrutura interna equilibrada e similar con equipos de Intervención directa e equipo de intervención técnica. No entanto, en canto ao apoio. As diferenzas destacables, en canto os medios adscritos directamente, ATENDO presenta un cadro de persoal con conflito no prego técnico e describe breve e insuficientemente a definición dos perfís profesionais do equipo de intervención directa, FEPAS as explica detalladamente enmarcándoas na xestión diaria, destacando que o equipo de intervención directa, principal das auxiliares, sendo un aspecto cualitativo mol importante que ternos en conta para garantir a calidade do servizo e ademais pon a disposición dos usuarios e "familias" vía telemática servizos de apoio psicolóxico, avogado, TS.. e CLECE realiza unha descrición xeralista e con algunha carencia como non especifica a función das persoas coordinadoras.

Respecto á organización, CLECE explicita de forma xenérica as bases da organización do servizo e ATENDO presenta unha exposición parcial da organización do servizo, con mención á xestión en diferentes situacións como gardas, substitucións..pero sen recoller outros aspectos básicos que se consideran necesarios para a realización das actividades dificultando

coñecer a xestión diaria. Fepas define axeitadamente os criterios e principios de organización incluíndo amplamente un apartado de coordinación e comunicación entre os diferentes profesionais que interveñen na xestión do servizo.

No tocante a medidas en materia de saúde laboral as tres presentan un Plan ou sistema de xestión de prevención de riscos laborais que contempla valoración riscos e manuais, sendo CLECE a que dispón dun departamento específico na súa estrutura. FEPAS é a que define mellor o procedemento a seguir dentro do plan de prevención de riscos, ademais de especificar outras medidas como vixilancia da saúde e apoio psicolóxico os profesionais de atención directa que as outras propostas non concretan.

Respecto ás medidas de conciliación a adoitar todos os proxectos relacionan un conxunto de medidas que enmarcan dentro do seu plan de igualdade cun nivel de concreción mais amplo no caso de FEPAS e menor no caso de ATENDO. Así, contemplan medidas en relación á reorganización de horarios tendo en conta circunstancias familiares e como melloras destacables CLECE ofrece Incrementar nunha semana o permiso de paternidade/maternidade sobre o estipulado no convenio e FEPAS establece medidas conciliación para facilitar a asistencia a formación.

Finalmente, as tres propostas recollen un plan de formación para o persoal de atención directa similar que recolle tanto formación inicial e reciclaxe/continua con variacións en canto a súa intensidade e contido. FEPAS recolle de forma clara e precisa todo o proceso coma a estrutura e temporalización do seu plan provisional sendo mais completo que ATENDO e CLECE. a única que fai referencia a formación Inicial en aspectos de ética profesional e ofrece, distingue claramente a formación para persoal coordinador e auxiliar ademais unha plataforma de formación on line con 150 sesións formativas titorizadas para o persoal e formación profesional e formación profesional en atención sociosanitaria. CLECE expón de forma esquemática o proceso e a proposta de formación é un tanto xeral xa que non contempla duración do mesmo xeito que ATENDO.

Medios persoais (Máximo 20 puntos)

CLECE S.A	ATENDO	FEPAS
14	12	18

C. Medios materiais

Neste apartado valorábase os medios directamente adscritos ó programa, características, tipoloxía e función, o sistema de xestión e organización do servizo, o programa Informático de xestión así como o sistema de control e xestión de calidade.

As tres propostas fan mención o local de referencia e dotación e roupa de traballo de forma axeitada tal e como se recolle no prego técnico coa diferenza que CLECE inclúe nos medios adscritos o servizo ademais un vehículo e FEPAS e ATENDO retiren como medio material directo o programa de xestión informático. FEPAS é a única que concreta as características de forma mais específica os medios enmarcándoos no SAF de Monforte, existindo un compromiso expreso de ampliación no seu caso para garantir o bo funcionamento un aspecto de valor a ter en conta. Tanto Valoriza coma CLECE fan un exposición estándar e básica. FEPAS recolle ademais un apartado concreto adicado a medios complementarios onde detalla un Portal web de Monforte de Lemos dirixido ás persoas usuarias e familias así como profesionais, aspecto que valoramos positivamente, mentres que CLECE e ATENDO non fan mención expresa.

Por outra banda, a proposta que amosa con maior claridade e que recolle tódolos aspectos que interveñen en conta para coñecer o sistema de xestión e organización do servizo é FEPAS, quen explica de forma clara as diferentes fases do servizo. No caso de CLECE realiza unha presentación esquemática que clarifica os aspectos a valorar neste apartado coma protocolos, procedemento xestión incidencias e xestión altas e baixas e atención de usuarios. No caso de ATENDO aínda que desenvolve axeitadamente varios apartados como altas e baixas e atención de usuarios, a relación de protocolos non precisa suficientemente procedemento ante incidencias en relación coa atención de usuarios. En canto a melloras, tanto CLECE como FEPAS melloran tempos de alta establecida no prego técnico, con valores similares máis altas polos sistema de libre concorrencia e urxencias e diferentes no caso de atención de usuarios, superior a presentada por Fepas (5 días) en comparación con CLECE(7 días).

As tres empresas presentan un programa informático de xestión do servizo: Fepas-Asist. Social; CLECE-Asist. Social e Atendo-Gesad. CLECE e Fepas explican detalladamente o funcionamento do programa, mentres que Atendo o fai de forma breve e xeral. En canto a comunicación e Información cos servizos sociais é similar. É salientable que todas contemplan a posibilidade de acceso á aplicación ós servizos sociais aspecto cualitativo que temos en conta.

para garantir o seguimento, supervisión e control da prestación do servizo, aínda que a diferenza entre elas obsérvase no tipo de información a que se pode acceder, sendo FEPAS a que permite, ademais de acceder a Información sobre as persoas usuarias, que CLECE permite amplamente e ATENDO só explícita acceso a incidencias; fai referencia os datos de facturación ofrecendo como mellora a opción de cobro directo por parte da empresa e o control de horas reais de prestación.

Por outra banda, a aplicación que emprega CLECE ofrece melloras na coordinación interna coa disposición das coordinadoras e auxiliares de dispositivos como Tablet e móbiles. No caso de ATEN DO fala dun módulo "adicional" de control de asistencia das auxiliares pero non queda definida con claridade a posta a disposición do módulo.

En canto a definición do sistema de control e xestión de calidade, todas as propostas inclúen enquisas de satisfacción, auditorías e indicadores de calidade, mais FEPAS detalla ademais aspectos como a atención de queixas, reclamacións e suxestións, manual de calidade. • • Fepas define con maior claridade e de xeito mais completo o seu sistema diferenciando a valoración a tres niveis: persoas usuarias, concello e persoal. ATENDO relaciona indicadores de avaliación nos dous primeiros niveis. No caso de CLECE presenta parcialmente indicadores de xestión do servizo aínda que de forma mais limitada e no tocante a persoal só inclúe aspectos relacionados coa formación sen ter en conta aspectos básicos como a súa satisfacción, o cal valoramos imprescindible na garantía da calidade do servizo. Nesta cifra, existe una diferenza a destacar entre o indicador base entre Atendo e Fepas, a primeira 70% e a segunda un valor de 4,5/5.

Medios materiais (Máximo 20 puntos)

CLECE S.A	ATENDO	FEPAS
12	10	18

VALORACIÓN TECNICA

Realizada unha valoración global dos proxectos presentados, valórase que o proxecto que mellor se adapta e pode responder a realidade do servizo de axuda no fogar no Concello de Monforte de Lemos é o proxecto presentado por FEPAS por considerar que é unha proposta ben estruturada que permite coplecer de forma precisa tanto a filosofía da empresa coma a organización e xestión do servizo, compartindo os servizos sociais municipais a visión de cara a garantir a calidade do servizo onde non só conta unha axeitada xestión e organización mecanizada do servizo senon que tamen é importante, ademais das persoas usuarias, destacar o papel principal do persoal auxiliar de atención directa. Así, FEPAS presenta un proxecto ben estruturado, cun contido claro e definido de forma concreta e pormenorizada cada un dos apartados que permite visualizar tódolos aspectos do servizo. CLECE tamén presenta un proxecto ben estruturado en canto a forma, mais o seu contido é mais xenérico cun nivel de concreción básico e menor adaptación á realidade municipal. ATENDO presenta un proxecto cunha estrutura formal menos clara que dificulta o seguimento e un contido básico que non permite terminar de visualizar amplamente todas as cuestión que se valoraban.

Consonante o anterior, a puntuación obtida por cada unha das empresas admitidas é a seguinte:

Criterios	Puntuación máxima	CLECE S.A.	FEPAS	ATENDO
1. Contextualización SAF municipal do Concello de Monforte de Lemos	10	5	10	
2.- Medios persoais	20	14	18	
3.- Medios materiais	20	12	18	
PUNTUACIÓN TOTAL	50	31	46	

Á vista do contido do citado informe, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte ACORDO.-

Primeiro.- Asumir como propio e na súa integridade o contido do informe da Coordinadora dos SS.SS. Comunitarios Básicos de 29/05/2017, e consecuentemente outorgarlle ás empresas concorrentes a seguinte puntuación respecto daqueles criterios dependentes dun xuízo de valor (Sobres B).-

Criterios	Puntuación máxima	CLECE S.A.	FEPAS	ATENDO
1.Contextualización SAF municipal do Concello de Monforte de Lemos	10	5	10	5
2.- Medios persoais	20	14	18	12
3.- Medios materiais	20	12	18	10
PUNTUACIÓN TOTAL	50	31	46	27

Acto seguido e recordando a Secretaría da Mesa o importe da licitación e os restantes criterios cuantificables matematicamente, procedeuse a dar conta do segundo punto incluído na orde do día, a saber.-

2º.- ASUNTO.- APERTURA, EN ACTO PÚBLICO, DOS SOBRES QUE CONTÈNEN A OFERTA ECONÓMICA (SOBRES C) DOS LICITADORES CONCORRENTES AO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (EXP.0017-SERV14).

A este acto público acoden persoas relacionadas cos licitadores CLECE E FEPAS, así como representantes dos traballadores do servizo e da CIGA.

Pola Secretario da Mesa procedeuse en primeiro termo, á apertura do Sobre C achegado por CLECE dando lectura en voz alta do contido do mesmo co seguinte resultado.-

A. Valoración económica: até 40 puntos.-

		BASE	IVE
DEPENDENCIA	FESTIVA	15,40	0,62
	DIURNA	13,44	0,54
BÁSICA	DIURNA	13,44	1,34

B. Melloras sen custo para esta administración: até 10 puntos.

MELLORA	DESCRIPCIÓN
AXUDAS TÉCNICAS	4 guindas
	4 camas artísticas
	5 colchóns artísticos
	5 cadeiras xiratorias
	5 cadeiras xiratorias de roldán

MELLORA	DESCRIPCIÓN
Limpezas de coque/o en profundidade	Bolsa de horas anuais: 60 horas

MELLORA	DESCRIPCIÓN	BOLSA HORAS / ANO
Servizos complementarios	PODOLOXÍA	20 Horas/año
	FISIOTERAPIA	20 Horas/año
	TERAPIA OCUPACIONAL A DOMICILIO	20 Horas/año

MELLORA	BOLSA HORAS / ANO
Atencións extraordinarias do servizo en situacións de emerxencia	60 horas/año

MELLORA	DESCRIPCIÓN	NEUMERO DE CHARLAS OFERTADAS
Accións formativas para coidadores habituais	Cambios posturais e transferencias	2,00
	Coidado ó coidador	1,00
	Actividade de prevención da dependencia e a autonomía	2,00
	Hábitos saudables	1,00

A continuación, pola Secretaria da Mesa se da lectura en voz alta ao contido do Sobre C achegado por ATENDO, co seguinte resultado.-

A. Valoración económica: até 40 puntos.-

		BASE	IVE
DEPENDENCIA	FESTIVA	15,45	
	DIURNA	13,44	
BÁSICA	DIURNA	13,44	

C. Melloras sen custo para esta administración: até 10 puntos

MELLORA	DESCRIPCIÓN
AXUDAS TÉCNICAS	4 guindastres


	4 camas articuladas
	5 colchóns antiescaras
	5 cadeiras xiratorias de baño
	5 cadeiras xiratorias de rodas manuais

MELLORA	DESCRIPCIÓN
Limpezas de coque/o en profundidade	Bolsa de horas anuais: 60 horas



MELLORA	DESCRIPCIÓN	BOLSA HORAS / ANO
Servizos complementarios	PODOLOXÍA	20 Horas/año
	FISIOTERAPIA	20 Horas/año
	TERAPIA OCUPACIONL A DOMICILIO	20 Horas/año

MELLORA	BOLSA HORAS / ANO
Atencións extraordinarias do servizo en situacións de emerxencia	60 horas/año

MELLORA	DESCRIPCIÓN	NEUMERO DE CHARLAS OFERTADAS
Accións formativas para coidadores habituais	Cambios posturais e transferencias	2
	Coidado ó coidador	2
	Actividade de prevención da dependencia e a autonomía	1,00
	Hábitos saudables	1,00

A continuación, pola Secretaria da Mesa se da lectura en voz alta ao contido do  por FEPAS, co seguinte resultado.-

A. Valoración económica: até 40 puntos.-

		BASE	IVE
DEPENDENCIA	FESTIVA	15,44	EXENTO
	DIURNA	13,43	EXENTO
BÁSICA	DIURNA	13,43	EXENTO

D. Melloras sen custo para esta administración: até 10 puntos

MELLORA	DESCRIPCIÓN
AXUDAS TÉCNICAS	4 guindastres
	4 camas articuladas
	5 colchóns antiescaras
	5 cadeiras xiratorias de baño
	5 cadeiras xiratorias de rodas manuais

MELLORA	DESCRIPCIÓN
Limpezas de choque/o en profundidade	Bolsa de horas anuais: 60 horas

MELLORA	DESCRIPCIÓN	BOLSA HORAS / ANO
Servizos complementarios	PODOLOXÍA	20 Horas/año
	FISIOTERAPIA	20 Horas/año
	TERAPIA OCUPACIONL A DOMICILIO	20 Horas/año

MELLORA	BOLSA HORAS / ANO
Atencións extraordinarias do servizo en situacións de emerxencia	60 horas/año

MELLORA	DESCRIPCIÓN	NUMERO DE HORAS
Accións formativas para coidadores habituais	Cambios posturais e transferencias	2
	Coidado ó coidador	2
	Actividade de prevención da dependencia e a autonomía	1,00

	Hábitos saudables	1,00
--	-------------------	------

Todas as licitadoras presentan o estudo económico esixido polo PCAX.

De seguido, procédese, pola Mesa de Contratación, a avaliación das ofertas achegadas polos licitadores segundo a puntuación dos criterios de adjudicación avaliáveis de xeito automático recollida no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado.-


CRITERIO PREZO	PUNTUACIÓN
CLECE	39,98
ATENDO	39,94
FEPAS	39,97

CRITERIO MELLORA AXUDAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN
CLECE	3,5
ATENDO	3,5
FEPAS	3,5

CRITERIO MELLORA LIMPEZAS DE CHOQUE/OU EN PROFUNDIDADE	PUNTUACIÓN
CLECE	2
ATENDO	2
FEPAS	2

CRITERIO MELLORA HORAS COMPLEMENTARIAS	PUNTUACIÓN
CLECE	1,5
ATENDO	1
FEPAS	

CRITERIO MELLORA HORAS PARA ATENCIÓN EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA	PUNTUACIÓN
CLECE	
ATENDO	
FEPAS	



CRITERIO MELLORA ACCCIÓN FORMATIVAS PARA COIDADORES HABITUAIS	PUNTUACIÓN
CLECE	1
ATENDO	1
FEPAS	1

A continuación e á vista das puntuacións outorgadas en atención aos distintos criterios de adjudicación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares, pola Mesa de Contratación procédese a cualificación por orde decrecente de importancia dos distintos licitadores, resultando o seguinte.-

EMPRESA	MEMORIA TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA	AXUDAS TÉCNICAS	LIMPEZAS DE CHOQUE	H.COMPL.	EMERXENCIAS	FORMACIÓN	TOTAL
CLECE	31	38'98	3'5	2	1'5	2	1	80'98
ATENDO	27	39'94	3'5	2	1,5	2	1	76'94
FEPAS	46	39,97	3,5	2	1,5	2	1	95,97

Por canto antecede, a mesa de contratación, pola unanimidade dos seus membros, propón ao órgano de contratación a adopción do seguinte ACORDO.-

Segundo.- Requirir, a medio de fax, á FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS) a documentación á que se refire a cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas particulares e por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adjudicación previstos no PCAP.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión as 13:30 horas, de todo o que, como Secretaria, dou fe.

O Presidente da Mesa

A Secretaria da Mesa,

VOGAIS

A Interventora xeral,



A Coordinadora de Servizos Sociais,

O Secretario
A Concelleira Delegada
Réxime Interno e Servizos Sociais,